

7 TIPS DUN VERÁN SOSTIBLE

A diversión e o lecer non están rifados co coidado da contorna. Sinxelos xestos axúdannos a reducir a nosa pegada ecolóxica en vacacións e todo o ano.

1 A TRILOXÍA DO DESPRAZAMENTO SOSTIBLE
Camiñar, bicicleta e transporte público, se non é posible mellor tren que avión e mellor vehículo compartido que individual.

2 RECORDA RESPECTAR A CONTORNA CANDO VAIAS Á PRAIA OU Á MONTAÑA
Leva os teus residuos contigo para clasificalos despois e que poidan ser reciclados.

3 PROTÉXETE DO SOL
Utiliza parasol, chapeu, lentes e un protector solar respectuoso coa contorna.

4 HIDRÁTATE CONSTANTEMENTE
Leva sempre contigo a túa botella de auga reutilizable.

5 OLLO COAS RACIÓNS DE COMIDA
Cando imos a un restaurante é moi común pedir máis da conta. Actúa con medida, pero se te pasas... pide as sobras e lévaas para casa.

6 DI NON AO DESPERDICIO ALIMENTARIO
Se che toca cociñar: fai unha lista só co necesario, merca produtos locais e de tempada e axusta as cantidades aos comensais.

7 LEVA SEMPRE CONTIGO A TÚA PROPIA BOLSA REUTILIZABLE
Nunca sabes cando a vas necesitar. Rexeita as bolsas plásticas e se é posible solicita o teu ticket por correo electrónico.



OS MUNICIPIOS TURÍSTICOS PRODUCEN 3 VECES MÁIS RESIDUOS DURANTE AS VACACIÓNS.